

A colección de Abanicos

(...) no hay presente que pueda ser mejor acogido, puesto que la mujer, necesita gran variedad de abanicos, toda vez que en cada ocasión suele usar uno especial. Muchos y de todas especies deseo a mis benévolas lectoras. Emmeline Raymond.

Periódico de las familias. Nº 18. 1862

Máis dun centenar de pezas, na súa maioría procedentes da burguesía pontevedresa, integran a colección de abanicos do Museo de Pontevedra e, tanto polo seu número, coma pola súa variedade cronolóxica e tipolóxica, a través deles podemos facer un completo percorrido pola historia destes obxectos desde finais do s. XVIII ata a 1ª metade do s. XX.

O abanico, sobre todo a partir do século XIX e ata as primeiras décadas do s. XX, resultaba imprescindible no atavío das damas. A mecanización no traballo grazas á revolución industrial, o consecuente desenvolvemento da burguesía, a aparición de novos materiais, aparentes pero menos custosos cos que ata o momento se viñan empregando, e a necesidade de contentar e entreter a unhas clases media e alta ávidas de mostrar, en moitos casos, o seu status acabado de adquirir, levou a que os cambios nas formas, materiais e técnicas empregadas na súa fabricación se sucedesen de maneira vertixinosa. A todo isto engadíase que a complexa e ritualizada vida social deste período esixía complementos diferentes para cada ocasión e circunstancia e os abanicos non estaban exentos nesta práctica. Con todo, cada época impuxo uns modelos predominantes.



Abanico pregable de asunto galante. 1780-1790

Nun abanico o país é a tea que vai adherida á base ríxida e pregable. Neste caso país, dobre, de seda pintada á augada e bordada con abelorios redondas e estreladas. Varillaxe de marfil dourado, pintado calado y tallado



A chegada ó trono español da dinastía dos Borbóns vai supoñer o triunfo da moda francesa na corte española, seguindo a tendencia do momento pois, a finais do s. XVIII, Francia é o espello no que se mira toda Europa. Nos abanicos esta influencia traducirase en pezas de variñas profusamente talladas e douradas e países elaborados con ricos tecidos ou vitelas, pintados e adornados de pedrería e abelorios.

Co cambio de século cambiará tamén o estilo. A principios do s. XIX trunfa o denominado estilo *Imperio*: afínanse a variñas, agora decorado con delicados calados e tallas nos que prima a decoración vexetal.



Abanico pregable. Estilo Imperio. Ca. 1800

País gravado e iluminado. Variñas de marfil tallado e calado.

Con todo, tanto a influencia francesa coma as importacións de abanicos desa nación comezarían o seu declive, a raíz dos acontecementos políticos que se irían sucedendo. Primeiro a Revolución Francesa e máis tarde a Guerra de Independencia de 1808 darán entrada en España ós abanicos ingleses e holandeses. O espazo para as variñas acúrtase, co conseguinte aumento do tamaño do país. Ademais, fronte ós países dobres dos abanicos anteriores, agora serán sinxelos, o que deixará á vista as espigas das variñas no seu reverso.

A partir do inicio do Trienio Liberal (1820-1823) e, fundamentalmente, durante os anos de Rexencia da raíña María Cristina (1833-1844), o uso do abanico tornarase imprescindible.

Agora serán pezas de menor tamaño, fronte ós de épocas anteriores, con variñas elaboradas principalmente en óso, marfil e nácara, usados de maneira independente ou combinada. Variñas que serán agora rectas e estreitas, cunha decoración sinxela e elegante, animada en ocasións por incrustacións de pedras semipreciosas ou láminas de aceiro. Polo que respecta ós países, cobra importancia o papel cromolitografiado, con gravados iluminados ou pintados, aínda que se seguirán empregando a tea e a vitela nos de maior riqueza.



Abanico de variñas. Estilo Cristino. 1820-1830

País de papel gravado, iluminado e pintado. Variñas de asta rubia e nácara, pintado, calado e con incrustacións de aceiro e turquesas en labor de piqué. Broche con virola de marfil.



As decoracións románticas de *illa* serán as máis habituais (os personaxes aparecen nun pequeno illote, máis ou menos circular, rodeado por un río e ó fondo da escena, a modo de pano, un bosque ou unha serie de arquitecturas pechan a escena).

O segundo período romántico terá lugar durante o reinado de Isabel II. Os abanicos agora serán de maior tamaño, as variñas máis anchas e redondeadas e estarán profusamente caladas, douradas ou pintadas.



Abanico pregable. Estilo Isabelino. Valencia. 1850-1860

Os países de vitela ou tea pintados e bordados compartirán cada vez con máis frecuencia o espazo cos de papel impreso, talvez a maior innovación, neste eido, do século XIX.

País de papel litografiado e pintado. Variñas de nácara branco tallado e calado con labor de pointillé con broche reforzado con virola metálica e remate de turquesas.



Tamén será durante a época de Isabel II, gran afeccionada ós abanicos, cando novamente se poñan de moda os abanicos *chinescos*, con motivos chineses ou xaponeses, destacando dentro deste grupo os chamados abanicos de *Mil caras*. Nos países destes, sobre unha base de papel, dispúñanse figuras con vestidos de seda e caras elaboradas con marfil. Xunto a estas figuras aparecían arquitecturas e xardíns exóticos e animais descoñecidos que se replicaban nas variñas realizadas en madeira, lacada ou non, nácara, marfil ou carei.

Abanico telescópico de mil caras. Ca. 1850. Cantón



País de papel pintado con figuras pintadas con roupaxes de seda e caras de marfil. Variñas lacado en negro y dourado.

Desde o final do reinado de Isabel e sobre todo durante o do seu fillo Alfonso XII (1874-1885) póñense de moda abanicos menos recargados. Dous serán os tipos máis destacados: os *Pericóns*, de gran tamaño, con países de papel, plumas, gasa ou sedas e variñas principalmente

lisas, de madeira, marfil, concha ou nácara e os abanicos *Cortesáns*, de menor tamaño e variedades infinitas.



Abanico Pericón. Época Alfonso XII. Ca. 1880

País de raso pintado. Variñas de madeira.



Abanico de baralla. Último terzo S. XIX

Variñas de carei enlazadas con cinta de raso.

A época de transición entre o s. XIX e XX será a do modernismo, estilo que ten o seu reflexo tamén nestas pezas. Os abanicos agora xogarán coas asimetrías típicas do estilo e nas súas decoracións primarán as follaxes, as flores e os insectos.



Abanico de festa modernista. 1898-1905



Abanico modernista de baralla. Ca. 1910

Avanzado o século XX, os abanicos vanse volviendo máis sinxelos, con variñas cada vez máis austeras e países decorados cunha enorme variedade temática. Por suposto, seguirán usándose, pero a súa época de esplendor como complemento indispensable, terá pasado.

Fátima Cobo Rodríguez

Coordinadora de exposicións e actividades culturais

BIBLIOGRAFÍA

- Pérez Delgado, M^a Begoña. “Los abanicos de la Colección Marés en el Museo de la Real Academia de San Fernando”. *Boletín de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*. Madrid, Nº 84, 1997
- Cobo Rodríguez, Fátima. “Los abanicos de la colección Jiménez-Cossío en el Museo das Mariñas”. *Anuario Brigantino*. Betanzos, 1999, Nº 22
- Ezquerro del Bayo, Joaquín. Exposición *El Abanico en España*. 1920
- Pérez de las Heras, M^a del Carmen. “La Edad de Oro del abanico”. *Antiquaria*. Madrid. Nº 139, 1996
- Uzzanne, Octave. *L’Eventail*. A.Quantin, Imprimeur-Editeur. Paris, 1882
- VV.AA. *Abanicos en el Museo Municipal de Madrid*. Madrid, 1995
- VV.AA. *Colección de Abanicos del Museo Nacional de Cerámica*. Valencia, 2000
- VV.AA. *El abanico español: la colección de Marqués de Colomina*. Valencia, 2008
- VV.AA. “Los abanicos del siglo XIX”. *Antiquaria*. Madrid, Nº 66, 1989.